

**Asunto: solicitude de inclusión do posto de técnico/a de normalización lingüística na RPT do Concello de Oleiros**

Anxos Sobriño Pérez, como presidenta da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), con CIF G-15542897, enderezo postal no apartado de correos 170 de Santiago de Compostela, enderezo electrónico info@ctnl.gal e teléfono de contacto 629 571 950,

**EXPOÑO:**

No *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* do 14 de decembro de 2018 (con corrección de erros no BOP do día 20 de decembro do mesmo ano), o Concello de Oleiros publicou a **aprobación definitiva da súa relación de postos de traballo (RPT)**. Nela inclúese, entre outras áreas, a de Cultura, Deportes, Ensino, Promoción Económica, Formación e Emprego, Xuventude e Normalización Lingüística (número 8), e dentro dela o **Servizo de Cultura e Normalización Lingüística** (numerado como 08.03). Con todo, a pesar de contar na RPT cun servizo destas características, **entre os seus postos de traballo non figura o de técnico/a de normalización lingüística**, cando a entidade si ten no cadro de persoal unha persoa que desenvolve ese labor de forma continuada desde hai 10 anos.

A continuidade no tempo do Servizo de Normalización Lingüística en Oleiros mostra que a entidade local ten interese por dotarse dun departamento especializado para asesorala na súa política lingüística e para exercer con eficacia as competencias en normalización lingüística que ten como administración local. Estas competencias veñen establecidas na **Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística** (<https://i.gal/EN40F>), e recentemente a Dirección Xeral de Administración Local e a Secretaría Xeral de Política Lingüística **aclararon que eran propias das entidades locais**, mediante a redacción e difusión do **Informe sobre a prestación do servizo de normalización lingüística pola Administración local en exercicio de competencia propia** (<https://i.gal/F1yH5>).



Así mesmo, o Concello de Oleiros tamén mostrou a súa vontade de desenvolver as súas responsabilidades na normalización da lingua galega cun departamento técnico especializado grazas á aprobación en 2004 da **Ordenanza de uso do galego na Administración municipal de Oleiros** (BOP da Coruña do 22 de abril de 2004), cuxo artigo 2.4 di:

*O Concello de Oleiros manterá un Servizo de Normalización Lingüística co obxectivo de impulsar a normalización do galego a todos os niveis e coordinar as accións necesarias para dar cumprimento a esta Ordenanza.*

Daquela, tanto a lexislación xeral en materia de lingua galega como a ordenanza específica do Concello de Oleiros reforzan o carácter estrutural do posto de técnico/a de normalización lingüística na institución e reflicten a necesidade de contar cun **departamento técnico estable, dotado de persoal e orzamento suficiente** para analizar a situación da lingua na entidade local, no municipio ou na comarca, asesorar a entidade en política lingüística e para **planificar, xestionar, executar e avaliar accións e programas de normalización lingüística** que interveñan nas áreas prioritarias onde o galego perde prestixio ou utilidade. En definitiva, para exercer de forma eficaz as súas competencias en normalización lingüística.

Por outra banda, de acordo co artigo 38 da **Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia** (<https://i.gal/kyTkR>), a **relación de postos de traballo** “é un instrumento técnico de carácter público que inclúe todos os postos de traballo de natureza funcional e laboral existentes en cada unha das administracións públicas”. A través deste documento as entidades “estructuran a súa organización, clasifican os postos de traballo existentes no seu ámbito e determinan o seu contido para a súa selección e provisión, procurando **organizar, racionalizar e ordenar o persoal co obxecto de facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos.**”

Tendo en conta a traxectoria de compromiso do Concello de Oleiros co traballo técnico en **normalización lingüística** como **servizo público** que se presta en todos os ámbitos de influencia da institución, desde a CTNL botamos en falta que esta vontade se plasme



nun documento tan importante como a **relación de postos de traballo** (RPT). Non incluír o posto de técnico/a de normalización lingüística na RPT supón desaproveitar a **oportunidade de consolidalo e darlle estabilidade**, tendo en conta que é un posto necesario, ten carácter estrutural e, ademais, a entidade local xa vén contando con el desde hai unha década. Alén disto, a súa inclusión na relación de postos de traballo permitiría consolidalo definitivamente e superar a inestabilidade laboral deste tipo de postos de traballo nas administracións públicas.

Polo tanto, SOLICITO:

- Que o **Concello de Oleiros modifique puntualmente a súa RPT para incluír, no servizo responsable da promoción do uso e prestixio da lingua galega, a praza de técnico/a de normalización lingüística**, pois é un posto técnico necesario para que o concello exerza as súas competencias en normalización lingüística con eficacia e de forma permanente.
- Que se inclúan na **relación de funcións do posto de técnico/a de normalización lingüística** as que se enumeran no documento anexo, pois son as recollidas nas convocatorias de axudas para servizos de normalización lingüística que convocan anualmente a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Deputación Provincial da Coruña.

Pontevedra, 10 de xaneiro de 2019

Anexo: “Funcións dos servizos de normalización lingüística municipais”, documento presentado no Encontro de Política Lingüística Municipal, organizado pola CTNL e o Concello de Santiago de Compostela, que tivo lugar en Santiago de Compostela o 16 de novembro de 2015